

Enigmas no Kremlin

Description

Unha das claves políticas máis relevantes do 2010 enfocase na continuidade da alianza Medveded-Putin que actualmente goberna en Moscova.

Unha das claves políticas máis relevantes do 2010 enfocase na continuidade da alianza Medveded-Putin que actualmente goberna en Moscova. Fortalecida en 2008, tras dous mandatos do actual primeiro ministro Vladimir Putin (2000-2008), solidificado coa actual presidencia de Dmitri Medveded, a evolución deste tándem político determinará, en gran medida, as variables do futuro político de Rusia, en especial ante as próximas eleccións de 2012.

Se tomamos en conta unha aproximación á radiografía actual da política rusa, poden apreciarse sinais de aparente distanciamento entre Medveded e Putin. En novembro pasado, durante un discurso ante a Duma ou Parlamento, o actual presidente ruso marcou distancias co legado do seu antecesor Putin, defendendo unha serie de reformas estatais que, en gran medida, poden modificar a estrutura de poder instaurada por Putin a partir de 2000.

Estas medidas afectarían, en especial, aos denominados *siloviki*, as elites burócratas herdeiras da ex KGB soviética actualmente infiltrada na nos servizos secretos de seguridade (FSB) así como noutras altas cúpulas do poder, incluíndo a Igrexa Ortodoxa. Non obstante, e tomando en conta diversas perspectivas, este aparente distanciamento pode igualmente obedecer a unha sutil táctica política destinada a desarmar á debilitada oposición política rusa, fortalecendo a continuidade do tándem Putin-Medveded alén das presidenciais de 2012.

En todo caso, Medveded pretende camiñar polo seu rumbo. Nos últimos meses apreciase unha variación na estrutura de poder dos *siloviki*, nunha manobra de Medveded aparentemente destinada a afastar a súa permeabilidade no Kremlin a favor de diversos aliados civís cos que contou no pasado, en especial durante a súa estada na alcaldía de San Petersburgo. Este reacomodo de elites de poder explica unha táctica anteriormente utilizada por Putin, cando este substituíu abruptamente a estrutura dos "oligarcas" do falecido ex presidente Boris Ieltsin nos primeiros anos da Rusia post-soviética a favor dos *siloviki*.

Paralelamente, nas últimas semanas comezan a manifestarse situacións específicas de inestabilidade dentro de Rusia, a través de atentados e asasinatos políticos, en especial nas repúblicas do Cáucaso Norte.

Pode argumentarse a presunta implicación dos movementos separatistas chechenios ou doutras minorías étnicas nestes episodios de violencia contra a autoridade rusa, así como do yihadismo islamita aínda presente na zona. Non obstante, a proliferación de diversas mafias e grupos de poder nesta rexión, con máis que probables conexións en Moscova, poden igualmente estar manifestando un escenario de inestabilidade destinado a debilitar e confrontar a Putin e Medveded.

En diversos círculos de poder en Moscova comeza a cuestionarse a fortaleza do tándem Putin-Medveded, así como do futuro da política rusa, lastrada pola proliferación de autoritarismo político, xerarquías burocráticas e paternalismo. Síntomas de descontento poden así xurdir entre as diversas elites e nas Forzas Armadas, con posibilidade de "golpes palaciegos" no Kremlin.

Persuadidos a manter a súa autoridade, coa finalidade de evitar fisuras e futuros escenarios de inestabilidade que compliquen os seus intereses alén das eleccións de 2012, Medveded e Putin tentarían afincar as bases de poder nas súas respectivas elites dentro do estamento militar, da seguridade nacional e do sector enerxético. Todo isto acrecenta o enigma ruso do que tanto falaba Winston Churchill, que revela a incompreensión occidental cara o que realmente sucede no Kremlin.

APARTADOSTEMATICOXEOGRAFICOS

Rusia

IDIOMA

Galego

Date Created

Decembro 27, 2010

Meta Fields

Autoria : 3713

Datapublicacion : 2009-12-28 00:00:00